

Interpretación 'politicamente incorrecta' do Quixote

XOSÉ ESTÉVEZ

O cuarto centenario da publicación da primeira parte do *Quixote* ofrece-me a oportunidade de voltar a ler con acougo a obra cervantina, co obxecto de dar unha conferencia sobre o tema e artellar un traballo sobre o contexto histórico no que se xestou. Foi unha experiencia

apaixoante e agora entendo as razóns que a acurutaron ao cumio da literatura universal. Dela deberían aprender os españois, que se afiliaron a Cervantes como símbolo e prece da hispanidade.

A sociedade española da segunda metade do século XVI e comezos do XVII era complexa,

contraditoria, en proceso de cambio e tendencia á crise, que Cervantes, árdigo notario do seu tempo, representou como ningún na súa novela polifónica, poliédrica e pesimista. Da disección cirúrxica da inmortal obra pódese tirar un alto continxente maxisterial, apoucado nestas reflexións.

'Cervantes, que amosa unha mentalidade erasmista, non era un iconoclasta radical, xa que endexamais avogou polo derrubamento dos tres piares do sistema: relixión, rei e sociedade estamental'

1). Amplo panorama da problemática social

Cervantes, fundamente satírico e dooidamente nostálgico, pasa revista no *Quixote* aos múltiples problemas que magoaban o variado mosaico da sociedade española do Século de Ouro: a crise económica, a presión fiscal, a corrupción, o desgoverno dos validos, a xustiza, a burocracia, a percura da mantenza, a guerra, o concepto do honor e da honra, a situación do campesiñado, o bandoleirismo, a pobreza, a picaresca e a marxinação. Polo *Quixote* desfilan máis de 300 personaxes, que ofrendan a máis diversa, ricaz e enfeita paisaxe social da época, metáfora e metonimia dunha España imperial onde non se coñecía o solpor. Nela a oposición de contrarios facía que o realista Sancho se quixotice e o idealista Don Quixote, empuarrado polo honor, a gloria e o amor, se sanchifique.

2). Espello e retablo da crise

Don José Antonio Maravall era un escritor que desembarcou na aventura literaria dende a súa desventura vital após de catar a fel dun tempo de transición, mudanza e crise nas súas propias carnes. O mesmo autor engade: "El coñecía ben a amargurada situación da sociedade da época. As críticas nas súas *Novelas Ejemplares*, nalgúns das súas comedias, en varios dos seus entremeses, maniféstano de xeito nido. Todo o recolle e sistematiza no *Quixote*, pero poñendo un remate en cada episodio que nos faga comprender o fracaso a que se dirixen os utopistas que no século XVI formigaban no mundo español, e que na península ou nas Indias soñaran, fora de toda caderna razoábel, co mito da Idade Dourada.. Xuzgo que se falseou moitas veces a pretendida aceptación por Cervantes da sociedade española do seu tempo, ou mellor, do réxime social da chamada "Monarquía Católica". Trataríase, máis ben, dunha solución de acomodamento xui-zoso para seguir sendeiros de reforma, chamando a atención ao mesmo tempo sobre as doorousas resultas dos degoiros utópicos, cinguíndose, en troques, ás pretensións dos seus amigos, que poderíamos nomear como "reformadores razoabeis". Cervantes, polo tanto, que amosa unha mentalidade erasmista, non era



Gravado de Cervantes debido a Geoffroy.

4
Cidade da Cultura de Galicia: unha solución xenial
XAN CASABELLA LOPEZ

6
Frei Betto: 'O Lula botou a perder en tres anos a ilusión política de dúas décadas'
CÉSAR LORENZO

7
Esquecer a Anxel Casal
ERNESTO VAZQUEZ SOUZA

un iconoclasta radical, xa que endexamais avogou polo derrubamento dos tres piares do sistema: relixión, rei e sociedade estamental.

3). Reflexo e denuncia dunha nova concepción da economía

Instáurase o trunfo do diñeiro, pois como dicía Sancho: "dos linajes hay en el mundo, que son el tener y el no tener". O pago en diñeiro substitúe o troco e as vellas mercedes. Sancho reivindicou o salario fronte a concepción vasalática do Quixote. A presión dunha coxuntura hostil favoreceu a aprendizaxe da corrupción, denunciado abertamente polo Quixote. O Tacitismo, ideoloxía que promove unha actitude conformista e servicial cara a Coroa, bárreo todo. Os políticos impoñíense aos xuristas e o mecenado político ao dereito. É a época do encumbramento social do ahegadizo, do gran revendedor de cargos, mercado de títulos e señoríos. O poder transfigúrase, porque o que non xira arredor del, é marxinação. Mesmo a liña se falsifica. A ética da necesidade trunfa sobre a ética dos principios.

4). Acenos suxestivos á utopía

Escomasí Cervantes quizais matínaba que había que loitar polo imposible para acadar o posíbel e debecía pola utopía societaria da Idade Dourada, que pon na boca de Don Quixote:

"Ditosa idade e séculos ditosos a quen os antigos puxeron nome de dourados, e non porque neles o ouro, que nesta nosa idade de ferro tanto se estima, se alcanzase naquela venturosa sen fatiga ningunha, senón porque entón os que nela vivían ignoraban estas dúas palabras de *teu* e *meu*. Eran naquela santa idade todas as cousas comúns,... Todo era paz entón, todo amizade, todo concordia... Non había a fraude, o engano nin a malicia mesturándose coa verdade e a sinxeleza. A xustiza estíbbase nos seus propios termos, sen que a ousasen turbar nin ofender os do favor e os do interese, que tanto agora a menoscaban, turban e perseguen. A lei do encaixe aínda non se asentara no entendemento do xuíz, porque entón non había que xulgar, nin quen fose xulgado" (I parte, cap. XI). "Has de saber que eu nacín, por querer do ceo, nesa nosa idade de ferro, para resucitar nela a de ouro, ou a dourada, como adoitado chamarse". (I parte, cap. XX).

5). Particular sensibilidade cara a marxinação

Cervantes foi un marxinado: de orixe problemamente conversa, saufriu cadea en tres ocasións, cativo en Arxel, pasou problemas económicos, formou unha familia de dubidosa reputación, mutilado de guerra sen pensión e escritor serodiamente recoñecido. Non era un personaxe "politicamente correcto" e, aínda que ás veces, se plegouse aos poderosos para sobrevivir nunha Espa-

"No Quixote ficamos nido que Cervantes tenta representar España como un espazo común, fertilizado por un ricaz mosaico de identidades diversas, xunguidas por vencellos históricos, relixiosos e políticos, cuxa embigueira era a figura do monarca"



Un dos famosos gravados de Gustavo Doré para o Quixote.

ña onde a crítica aberta podía carrexar tesos quebrantados, demostrou unha especial sensibilidade cara os distintos colectivos de marxinaos da sociedade. Mentres aluma á nobreza histórica de parasitaria –afirma Os-terc– realiza unha apoloxía das camadas populares. Da súa pluma agroma unha ardente e aberta simpatía polos humildes e pobres, saíndo en defensa dos desleixados, explotados e asoballados como o pastorciño André, a corda de galeotes (onde hai unha raposeira crítica contra o rei)

ou Marcela fronte os agresivos pastores.

6). Visualización cinematográfica da decadencia

Nesa liña o grande historiador Pierre Vilar decatouse do tema e chegou a asenllar: "1605-1615, Cervantes, Don Quixote, a armadura e o almete. Igual se podería dicir 1929-1939, Charlie Chaplin *Charlot*, a chaqueta negra, o bombín e o caxato. Nunca dúas obras estiveron tan emparelladas".

7). O realismo máxico

Cervantes, aínda que ollaba de esguello o soño da Idade Dourada, o pragmatismo da súa axitada experiencia vital na Idade do Ferro peneirou o mesianismo nostáxico, utópico, irrealizábel, quixotesco, de proxenie xudea, cruzándoo co realismo humorístico, benevolente, pancesco, de aboenda galega, a medio camiño entre Castelao e Cunqueiro, para desenrolar un realismo social, posíbilista e reformista. De traza erasmiana, con reberetes máxicos, na



xote dá a sensación de fracaso, de pesimismo, de humillación, de desengano, se cadra de desespero. Era a mentalidade subseguinte á derrota da *Invencible* (1588), do *Tratado de Vervins* con Francia (1598), do *Convenio con Inglaterra* (1604) e da *Tregua con Holanda* (1609).

A marxe da realidade, España prefería soñar, soño interpretado por Cervantes de xeito sublime e contradictorio como un refuxio diante da fin dun mundo. Segundo Pierre Vilar dixo un “adeus irónico, cruel e sensíbel aos valores feudais, cuxa desaparición do mundo prepararon os españois sen querele e, paradoxalmente, en troques da súa ruína, a supervivencia do seu país. O secreto do Quixote escóndese nesta dialéctica orixinal do imperialismo español”.

Este documento remesado en 1598 a Felipe III baixo o suxerente título “Consideraciones para que comenzase a reynar con felicidad Phelipe III” (Biblioteca Nacional, Madrid, ms. 2346/23-30) serve de cumprida demostración. A mosca con tons pesimistas o esvaemento do gran soño imperial e a prostración na que se atopaba España, lembrando, en certo xeito, os laios queixosos dalguns agoreiros actuais:

“La Yglesia más cercada que nunca de estovo de hereges y enemigos que la persiguen; los reynos no sólo no seguros sino indefensos e invadidos; todo el mar océano y Mediterráneo casi enseñoareado de los enemigos; la nación española, rendida y amilanada de descontenta y desfavorecida, siendo la que siempre se tuvo por invencible, por ser con la que se han sujetado todas las otras y ganado los Reynos que se han juntado con esta Corona; la justicia postrada y perdida; el Patrimonio Real consumido; la reputación y crédito acavado, juntamente con las grandes cabeças de estado, guerra y paz de que han abundado estos reynos y sidon tan temidos por esto, como por todo su poder. de lo qual lo que ha resultado es que halla V. M. universal desconsuelo en los grandes, medianos y menores, juntamente con la desconfianza y otros semejantes efectos que necesariamente resultan de ser éste el verdadero estado en que queda y está todo”.

9). A diversidade cultural hispana

No *Quixote* fica nidio que Cervantes tenta representar España como un espazo común, fertilizado por un ricaz mosaico de identidades diversas, xunguidas por vencellos históricos, relixiosos e políticos, cuxa embigueira era a figura do monarca. Non deixa de ser unha paradoxa que os que asumen a Cervantes como o meirande emblema da hispanidade, sexan hoxe os menos respectuosos ca diversidade peninsular, como se manifesta arredor do balbordo artellado contra a nación catalana. De feito, non ten reparo en admitir a coexistencia de linguas como a aragonesa (sic) (II parte, cap. LIX) ou a catalana (II parte, cap. LIX). Pedindo respecto para todas, incluída a “vizcaína”, e propugnando o seu uso:

“Todos os poetas antigos escribiron na lingua que mamaron co leite e non foron procurar as estranxeiras para declarar a alteza dos seus conceptos. E sendo isto así, de razón sería que se entendese ese costume por todas as nacións e que non se desestimase o poeta alemán porque escribe na súa lingua, nin o castelán, nin mesmo o biscaíño que escribe na súa”. (II parte, cap. XVI).

Por outra banda, Cervantes participaba tamén doutros tópicos da época verbo da “vizcaíña”, identificando vizaíno con vasco en xeral, atribuíndolle un torpe uso do idioma castelán, á “temperanza en verbas e lonxitude en obras” e unha ridícula e teimuda defensa da fidalguía.

10). O antifundamentalismo quixotesco

Non cabe dúbida que Cervantes incrinábase polos tratadistas favorábeis ao exercicio da razón de estado na polémica suscitada na época contra tradicionalistas ou fundamentalistas. Os primeiros eran máis tolerantes e asmban que a guerra era procedemento que só se podía levar a cabo se a coxuntura e a oportunidade o aconsellaban. Os segundos amosaban un rexo belicismo fronte a calquera que ou sase aldraxar a relixión católica. Sancho dicíalle ao bacharel Carrasco: “Tempos hai de acometer e tempos de retirar; si, non ha de ser todo *Santiago, e cerra, España*”. (II parte, cap. IV). Noutra ocasión Don Quixote replicábase a Sancho: “As cousas da guerra, máis que outras, están suxeitas a continua mudanza”. Pero este fragmento é determinante nesta custión (II Parte, cap. XXVII):

“Os homes prudentes, as repúblicas ben concertadas, por catro cousas han de coller as armas e desenvaiñar as espadas, e arriscar as súas persoas, vidas e facendas. A primeira, por defender a fe católica; a segunda, por defender a súa vida, que é de lei natural e divina; a terceira, en defensa da súa honra, da súa familia e facenda; a cuarta, en servizo do seu rei na guerra xusta; e se lle quixeramos engadir a quinta, que se pode contar por segunda, é e defensa da súa patria. A estas cinco causas, como capitais, pódense agregar algunhas outras que sexan xustas e razoables e obriguen a coller as armas; mais collelas por nenadas e por cousas que máis son de risa e pasatempo ca de afronta, parece que quen as colle carece de todo razoable discurso; e canto máis que o tomar vanganza inxusta (que xusta non pode haber ningunha que o sexa) vai dereitamente contra a santa lei que profesamos, na que se nos manda que fagamos ben aos nosos inimigos e que amemos os que nos aborrezen; mandamento que aínda que parece algo dificultoso de cumprir non o é senón para aqueles que coidan menos de Deus ca do mundo e máis da carne ca do espírito”. Fica claro que nin Busha nin outros mixiricas aznaristas non leron o *Quixote*, aínda que dúbido se algunha vez leron algo de proveito.



“Cervantes incrinábase polos tratadistas favorábeis ao exercicio da razón de estado na polémica suscitada na época contra tradicionalistas ou fundamentalistas”

11). A Dialéctica: peche-apertura de España

“Eu así o creio –respondeu Sancho–, e queredría que vos mercé me dixese cal é a causa por que din os españois cando queren entrar a dar algunha batalla, invocando a aquel San Diego Matamouros: “Santiago, e cerra, España”. ¿Seica está España aberta, de maneira que é mester cerrala, ou que cerimonia é esta?” (II parte, cap. LVIII).

Estou dacordo con Giorgina Dopica en que Cervantes estaba ancorado no seu presente sobre o que mantivo acenos escépticos, establecendo un diálogo desacougnante coas institucións, cos debates sociais, políticos, económicos e sociais do seu tempo como a guerra, a política de raza, xénero e clase social, a crise da monarquía, a expulsión dos mouriscos, a Inquisición, a razón de estado, a fame, a peste, a crise económica, a decadencia e o imperialismo.

Coloca moitas categorías na picota, aínda que non realiza un férido asalto contra elas nin unha crítica intencionada, imposible de publicar naquela época. Despois de catrocentos anos achámonos suxeitos a angurias non tan desemeillantes como as cervantinas: a razón imperial, a guerra inxusta, o poder económico, os conflitos relixiosos, os contenciosos políticos, as intransixencias, as inquisicións, censuras e torturas. Os retos actuais resolveranse por medio da intolerancia do peche ou do diálogo da apertura?♦

Xosé Estévez é Profesor da Universidade de Deusto-Campus de Donostia.

As citas son da tradución ao galego do *Quixote* publicado pola Xunta de Galicia no 2005.

Capa da edición príncipe do *Quixote*.

liña do que afirmaba o arbitrado do século XVII. González de Cellorigo: “No parece sino que se han querido reducir estos reinos a una república de hombres encantados que viven fuera del orden natural”. ¿Non teñen, tamén, unha lectura semellante os incensantes encantamentos que atura Don Quixote nas ventas, lugares do máis mesto tránsito social?

8). A despedida dun soño imperial

O mundo no que naceu *O Qui-*

Cidade da Cultura de Galicia: unha solución xenial

XAN CASABELLA LÓPEZ

Como nestes días se anda tratando de “redefinir” os contidos do que será a Cidade da Cultura de Galiza (CCG), quero neste artigo facer a miña achega a ese respecto, e rematar a triloxía que sobre ese tema tiña encetado aló polo 1999 cando se fallara o concurso que a Xunta tiña convocado para seleccionar o proxecto de arquitectura.

Despois de seis anos de obras na CCG, un gran derroche de diñeiro, a certificación de inepto do seu autor, o norteamericano Peter Eisenman, que non foi quen de rematar tecnicamente o proxecto de execución, a convocatoria dun concurso para seleccionar outro arquitecto que o rematase e, finalmente, a transmisión desta pataca quente a medio facer, a unha nova administración autonómica que non sabe moi ben que facer con este asunto.

Debémolle ao arquitecto madrileño Andrés Perea os proxectos que deron lugar ás obras xa realizadas, as que están en vías de construción e as que foron adxudicadas pola Xunta en funcións presidida por Manuel Fraga. Pero esta duplicación de arquitectos e proxectos deu lugar, tamén, a unha duplicidade de gasto, xa que o americano aceptou esta solución sempre que se seguise sendo el o autor da obra e se lle mantivesen os honorarios. O nó desta aventura remata agora, provisionalmente, cando a nova Xunta progresista-nacionalista vén de detectar que entre o construído e o adxudicado xa se levan gasto 374 millóns de Euros, tres veces máis do que se tiña presupostado nun comezo, e como eu aventuraba na segunda entrega desta triloxía en outubro do 2002.

Despois de todo este historial, e nesta terceira entrega, quería dar a nosa opinión sobre o que se debe facer coa CCG. Comezaría por preguntarme cal é realmente o problema?

Parece que o problema é de dúas ordes: unha de carácter conceptual e estratéxico, que considero pouco axeitado para Galiza o de concentrar nun só lugar tantas infraestruturas culturais; e outra, de carácter máis táctico, que consiste en preguntarse que facer coas obras xa encetadas e coas xa comprometidas nos orzamentos da Xunta, se como é o caso, non estamos de acordo co formulamento inicial da CCG.

En canto ao primeiro problema xa foi e está a ser amplamente debatido por todo tipo de intelectuais e profesionais, mais a estas alturas penso que xa é un debate un pouco pasado.

En canto á segunda parte, penso que é aí onde está o cerne da cuestión e que pasa por preguntarnos que posibilidades temos de actuar nas actuais circunstancias. A *grosso modo*, pensamos que as posibilidades se poden resumir en tres: Paralizar todas as obras e comezar de no-



vo con outro programa diferente; rematar as obras que están comezadas e parar o resto; seguir coas obras até o final e logo tratar de darlle un novo uso...

As dúas primeiras posibilidades chocan con gran problema e é que habería que indemnizar ou compensar as empresas construtoras adxudicatarias das obras, o que nos levaría a gastar o diñeiro inutilmente e sen que quede claro quen sae beneficiado, amén de deixar o “queixo da CCG” incompleto.

A terceira opción, parece, pois, a máis aceptábel en principio pero choca cunha dificultade económica e con outra de indefinición de programa. Despois de rematar todos os edificios, habería que equipalos (moblaxe, ordenadores, etc.) para o seu novo uso, e isto supón, por experiencias en edificios semellantes, outro tanto ou máis do que custou construílos (que llo preguntun á *Domus* da Coruña), polo tanto outros 400 millóns de euros máis. Pero a cousa non remata aí pois fai falla urbanizar todo o exterior: facer o acceso dende a autoestrada, aparcamentos para coches, pavimentos, ornamentacións, plantacións vexetais, infraestruturas (luz, auga, saneamento, voz e datos), etc. o que poderíamos cifrar noutros 400 millóns máis. Finalmente, e se todo correu sen problemas, habería que dotalo de persoal, o que sería o único aspecto positivo, e polo tanto non o imos contar, pois contribuiría a baixar os índices de paro desta comunidade. Todo isto suma un gasto total duns mil douscentos millóns de euros, e sen levantar o pano.

Poñer todo isto en funcionamento e manter unha programación que teña en actividade constante a CCG, calquera que sexa o seu uso, vai, sin dúbida, custar diñeiro, pois parece pouco probable atopar unha actividade que se autofinancie ao longo do tempo.

Pois ben, velaquí a brillante

idea que lles vou a propoñer e que incide fundamentalmente na cuestión do novo uso. Ten por finalidade contrarrestar os aspectos negativos (dilapidación de diñeiro que non pode pagar esta comunidade nin na construción nin no mantemento) e impulsar os positivos (valorar a obra dun “artista” diante do mundo enteiro, xerar novos ingresos e crear un novo fito da nosa cultura).

A idea débese executar en tres fases e, xa que logo, necesitaremos constancia para levar o proceso a bon termo. A primeira fase consiste en continuar as obras até o fin. É dicir, gastar todo o diñeiro xa comprometido nos orzamentos, pero tratando de facer máis obras das especificadas. Explícome: dado que, como logo relatarei na segunda fase, non faría falla rematar ben os edificios nin equipalos, é polo que se poderían, cos mesmos cartos, facer toda a urbanización e sobre todo, a plantación do novo Bosque Atlántico.

A segunda fase consiste en abandonar os edificios unha vez rematados. Si, si, non ocupalos, deixar que sexan pasto do vandalismo, dos ladróns, das inclemencias do tempo, da vexetación, etc. Evidentemente esta circunstancia fa deteriorar os edificios, pois diso se trata precisamente! Deixar que se arruinen, incluso tratar de acelerar ese proceso con diversas estratexias: converter o lugar en zona de botellón (co que evitaríamos as molestias que esa actividade nocturna ocasiona nos veciños da cidade); realización de concertos descontrolados; utilizar parte do espazo como almacén de bostas de animais para que se críen e prolifren microorganismos que deterioren os produtos químicos utilizados na construción; instalación dun cemiterio de carácter libre, etc. etc. A finalidade de todo isto é que os edificios sufran deterioros irreparábeis até que a CCG se poida declarar formalmente ruína. Nuns dez anos máis ou menos, despois de ramatar as obras poderíamos ter unha fermosa ruína, moi dentro da filosofía de Kurt Cobain, cantante de *Nirvana*, cando dicía que hai que morrer novo para deixar un cadáver bonito. Ruína moito máis avanzada conceptualmente que as que preconizaban os románticos do século XIX cando as construían para ornamentar os xardíns. Unha ruína moderna, única na historia da humanidade, bestial e sen parangón en todo o planeta. Unha ruína que, pola súa orixinalidade e tamaño, sería a admiración da intelectualidade do planeta, a pouco que se fíxesen algunhas campañas de divulgación (boas fotografías, campo de investigación dos químicos especializados en descomposición, conversión da zona en sede da Asociación de Arquitectos Especializados en De-construción, congresos de filósofos da de-construción, baixo a dirección de Jacques Derrida (mentor de Eisenman), actua-

ción do propio Eisenman de ganche con Adolfo Domínguez nos foros internacionais promovendo “a ruína é bela”, etc...). Unha “nova ruína” que pouco a pouco habería que ir introducindo no imaxinario da decadencia da cultura do século de cara á terceira e derradeira etapa do plano.

A terceira fase tería como finalidade a Declaración das ruínas da CCG como Patrimonio da Humanidade. Se conseguimos esa declaración xa teríamos a CCG no mesmo rango que as ruínas de Acrópole de Atenas, a cidade de Pompei, os foros romanos, as pirámides de Exipto..., ou sexa un ben patrimonial universalmente coñecido e xa que logo multitudinariamente visitado por milleiros e milleiros de peregrinos culturais que se xuntarían aos milleiros de peregrinos relixiosos do Camiño de Santiago e que irían deixando milleiros e milleiros de euros nas nosas arcas.

Economicamente, o plano funciona, pois aforramos os oitocentos millóns de euros que cumprían para levantar o pano, e unha vez que comecen as visitas empezaría a render. Pero conceptualmente o plano tamén é coherente. Así como a Torre Eiffel é considerada como o comezo da Idade Moderna da técnica e o progreso, coa correspondente polémica entre intelectuais do momento, cen anos despois as ruínas da CCG poderían ser consideradas como o feche dese ciclo moderno, tamén no medio do correspondente debate da intelectualidade. Unha vez máis París e Santiago como o alfa e o omega dun ciclo cultural que quedaría perfectamente acotado no século XX. Pero tamén é coherente que sexan as forzas de esquerda e nacionalistas as que fechen este ciclo. As primeiras como acto autocrítico da defensa dun progreso técnico que se ten manifestado ao final como antinatural e deshumanizador, e os segundos como defensores da identidade do local fronte ás ideas globalizadoras e uniformadoras. Esta coherencia verase cristalizada na metáfora visual do bosque atlántico devorando as ruínas “modernas” da sociedade da información trasnacional (soamente por esta imaxe feita realidade xa compensarían todos os esforzos e diñeiros perdidos, pensarán algúns).

Pero tamén outros axentes do proceso penso que quedarían satisfeitos: Peter Eisenman, porque finalmente unha obra súa sería a imaxe final e culminación da sociedade da información e da arquitectura da de-construción, e por suposto Xesús Pérez Varela enchería unha vez máis o peito cando vise unha Carmiña Burana dende a póla dun carballo, entre as ruínas, cantando a “Negra sombra” acaráñ do título de Manuel Fraga Iribarne. ♦

Xan Casabella López é arquitecto.

QUÉROTE CARIÑO
AMOR CEO TESOURO
PARVIÑA PARVA GORDA
TORDA BURRA INÚTIL
ESTÚPIDA PORCA
IMBÉCIL IDIOTA
PUTA VOUTE MATAR

25 de novembro. **Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller.**

Temos que parar isto

Teléfono da Muller 900 400 273
Programa de Homes 981 54 53 66



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

Frei Betto

'O Lula botou a perder en tres anos a ilusión política de dúas décadas'

CÉSAR LORENZO GIL

Carlos Alberto Libánio Christo, *Frei Betto* (Belo Horizonte, 1944) á parte de frade dominico, é un dos activistas sociais máis destacados do Brasil. Referente da teoloxía da liberación e dos movementos contra a pobreza, foi nomeado asesor do presidente Lula no programa 'Fame Cero'. "Abandoneino porque quería volver escribir e porque non estaba de acordo coa súa política económica". O seu diagnóstico do momento político actual brasileiro é sombrío mais deixa unha porta aberta á esperanza. Visitou Galiza convidado polo IGADI.

E tan grave a crise do Goberno Lula?

Grave é a conduta política dos cinco ou seis altos responsables do Partido dos Trabalhadores (PT) que aceptaron e repartiron subornos para conseguiren vantaxes políticas. Todas as expectativas de cambio real no goberno brasileiro quedaron en nada, primeiro pola política económica e agora por causa deste escándalo.

O Lula non sabía nada da rede de corrupción?

Non hai ningunha proba de que o presidente estivese relacionado con esa trama. En realidade, o problema era da dirección do PT, non do gabinete. Non penso que o Lula teña relación coa corrupción. El mesmo saíu na televisión dicindo que fora traizoado polos seus compañeiros. Pero está claro que a confianza nel caeu porque os *petistas* estaban considerados como modelos políticos distintos, alleos á cultura do roubo de gran parte da clase política brasileira.

Sábese da orixe do diñeiro usado nos subornos e o obxecto das compras de deputados?

Ninguén sabe quen pagou pero si por que se pagou. O Congreso Nacional é coma un mercado onde varios pequenos partidos apoian o goberno ou a oposición segundo os seus propios intereses. Sempre se lles chamou a estas forzas "partidos de alugueiro", o que non sabíamos era que a denominación era literal, porque na práctica eses deputados véndense ao que máis pague.

Hai quen di que Lula está a pagar por non ter controlados os medios de comunicación.

Non é así. A prensa non inventou nada, os propios responsables confesaron as súas culpas e demitiron. É certo que se implantou o denunciamento nalgunhas redaccións. Até chegaron a dicir que o goberno cubano financiou o PT valéndose de fontes xornalísticas de cuarta ou quinta man, pero non estamos a falar dunha conspiración de grupos opositores. En realidade, a dereita

'O Goberno Lula creou 107.000 empregos ao mes, máis do triplo do que ocorría en tempos de Cardoso'

está contenta de ter o Lula no poder.

Con este panorama, nas eleccións do ano que vén, poucas posibilidades ten...

Curiosamente, é favorito para gañar. Arestora, o candidato da dereita que parece contar con máis apoios é o alcalde de São Paulo, José Serra, que xa perdeu unhas eleccións diante do Lula. As enquisas dano como virtual gañador nunha segunda volta apurada, pero na realidade, o Partido Social Democrata (PSDB) ao que pertence Serra non o quere como presidente. Así que Lula manterá o poder. El aínda conta con moitos apoios populares.

Como é iso?

O Brasil está mellor co Lula no poder que na oposición. Iniciou o programa 'Fame Cero', creou 107.000 empregos ao mes (máis do triplo do que ocorría en tempos de Fernando Henrique Cardoso), reduciu a emigración ás grandes cidades e favoreceu os microcréditos para proxectos empresariais familiares e comunitarios.

Entón, cal é o problema?

A economía. O Lula aceptou a ditadura do FMI sen se revirar o máis mínimo. Puxo o país a producir para pagar a débeda externa, que en realidade é eterna. Eu non estou a favor do calote, pero cômpre atender os programas sociais para que non queden sen contidos.



PACO VILABARROS

De nada serve poñer o país a producir se ninguén se beneficia.

Vostede foi asesor do proxecto 'Fame Cero' no comezo da súa implantación. Segue en pé?

Segue. A área máis desenvolvida é o programa 'Bolsa familia', que garante para as persoas máis necesitadas unha renda mensual fixa a cambio de escolarizar os nenos, alfabetizar os alumnos, apuntarse nun plano de saúde e participar noutras iniciativas. Esta medida é unha das máis avanzadas do mundo porque racha o tóxico do "Estado caritativo". Hoxe beneficia 8 millóns de familias. Pero isto é só un éxito limitado. Sen reforma agraria, seguirá a haber fame no Brasil.

A reforma agraria non crearía unha polarización enorme nun país sen graves disensións políticas?

Prefiro a polarización política á social. O Brasil é o país con maior desigualdade do mundo. O 10% da poboación controla o 45% do PIB e hai un 10% de miserá-

beis que se reparte o 1% do PIB. Por suposto que habería resistencia deses 18 millóns de ricos a deixar as súas terras pero o Lula conseguiría converter a ilusión dos que votaron en compromiso coas súas políticas. En troques di, a esquerda perdeu unha oportunidade única. Toda a ilusión creada durante 20 anos desapareceu e custará unha xeración recuperala. O Lula botou a perder en tres anos a ilusión política de dúas décadas.

Durante moito tempo, a sociedade brasileira soubo crear referentes civís alleos á política para cambiar as cousas, caso do Movimento dos Sen Terra. Volverán ter influencia estes grupos?

Ninguén o sabe. Agora mesmo están un tanto desmobilizados. Todos os movementos sociais brasileiros apostaron polo Lula e participaron na súa elección. Cada un deles esperaba un cambio que non se deu e iso deixounos un tanto desarmados. Supoño que pouco e pouco o tecido irase renovando. E o propio PT formará parte dese

'A Igrexa Católica ten de superar o modelo parroquial'

A Igrexa Católica perde influencia día a día, tamén no Brasil. Por que perde a batalla diante das seitas evanxélicas?

As igrejas evanxélicas son moito máis modernas, conectan mellor con determinadas capas da poboación que queren vivir unha relixiosidade máis próxima ás súas necesidades. Na periferia das grandes cidades brasileiras entran nunha destas igrejas parece supor maior progreso. Esa teoloxía da prosperidade une as comunidades na base. A Igrexa Católica ten de superar o modelo parroquial. No Brasil, por exemplo, existe un enorme movemento asociativo eclesial

que traballa nos barrios e nas comunidades pero finalmente, a xerarquía impón a guía do párroco. No Brasil, o 73% da cidadanía se declara católica. Para evitar que continúe a perda de influencia, cômpre modernizarse, reformar o ministerio para que un sacerdote non precise oito anos para se formar cando un pastor evanxélico se prepara en seis meses.

Vostede participa no movemento da teoloxía da liberación. Segue vixente no Brasil?

En xullo pasado organizamos un encontro de comunidades cristiás e contamos coa presenza de 44 bispos. Todos os anos publícanse libros e re-

latorios sobre a necesidade de seguir contando cos oprimidos para difundir a mensaxe de Cristo. En América Latina, este principio segue tendo forza verticalmente: hai bispos e incluso cardeais favorábeis a este movemento e logo hai párrocos da máis extrema dereita.

Após a reunión entre Hans Klüng e Bieito XVI, pensa que o Vaticano vai mudar a súa política a respecto da teoloxía da liberación?

Hai quen di que en breve se vai reunir o papa con Leonardo Boff. Sempre é positivo este diálogo pero considero que é cedo de máis para valorar o labor do novo pontífice. ♦

Esquecer a Ánxel Casal

ERNESTO VAZQUEZ SOUZA

proceso. Hai que pensar que é unha forza política con 820.000 afiliados. O Partido do Movemento Democrático Brasileiro (PMDB), que é o que ten máis cargos políticos no país, só ten 30.000 militantes. No Brasil din que se o voto non fose obrigatorio, só irían ás urnas os *petistas*, dado o seu nivel de compromiso social e político.

Xiro en América

A chegada ao poder do Lula serviu de efecto dominó para as vitorias de modelos non neoliberais na Arxentina ou no Uruguai.

Certo. En América Latina houbo un xiro político onde as esquerdas, actualizadas e pactando con outras sensibilidades, chegaron ao poder. Por unha banda, houbo un cansazo do neoliberalismo, que non creou riqueza, e por outro, a necesidade de desabafo social que non sempre terá resultados porque os EE UU, máis alá de nomes concretos, segue a controlar os resortes do continente. Hai que ter paciencia e agardar a que eses dirixentes políticos que xorden, como Tabaré Vázquez, manteñan unha política coherente. E aí está a gran dificultade porque un político cando está na oposición, ve todos os camiños claros, pero cando é quen "conduce" o país, pérdese a pesar de ter todos os mapas. É tan procelosa a arañeira do poder que as decisións políticas son difíciles cando non imposíbeis. Só en Venezuela se está a producir un cambio real e tanxíbel.

É Hugo Chávez un modelo para seguir?

Chávez conseguiu melloras na sanidade, grazas ao intercambio de petróleo por médicos cubanos e logrou ser o presidente con meirande lexitimidade da historia de América. Pero fálta-lle un partido forte detrás, un programa concreto, un ideario. Parece que o seu goberno avanza a pulos, sen saber moi ben cara a onde. Mais hai que agradecerlle que denuncie os problemas do continente sen complexos, sen medo a George Bush. Non imaxinamos o presidente norteamericano comendo un churrasco con Chávez. Lula non tivo problema en convidalo.

Vostede participou na fundación do Foro Social Mundial (FSM). Como valora esta proposta, logo de cinco anos?

A experiencia de Porto Alegre, agora estendida por outras cidades do mundo, foi algo impresionante. Nun mundo como o de hoxe, onde as mensaxes son tan monolíticas e impera o pensamento único, dá gusto ver 50.000 rapaces falando e escoitando diversos xeitos de entender o mundo. Ese foi o grande achado do FSM, manter a diversidade. O que cómpre agora é xuntarse para definir, entre todos, como é ese outro mundo posíbel. Cando se consiga dar algunha pauta, entón o valor dos movementos da alterglobalización será altísimo. ♦

A miña lectura disto é para sinalar a ausencia de calquera plan xeral ou bosquejo ou gran teoría que os intelectuais conciben, e a ausencia agora de calquera teleoloxía utópica cara a cal a historia podemos afirmar que se dirixe. Daquela inventamos –segundo o significado literal da palabra latina *inventio*, empregada polos retóricos– para sinalar o encontro outra vez ou o reencontro de feitos pasados, en oposición ao emprego romántico de invención como algo que creamos desde obxectivos concretos e desde o convencemento de que é a mellor forma de coñecer a historia e os feitos sociais.

EDWARD S. SAID: "The Public Role of Writers and Intellectuals". *The nation*, 17 de setembro, 2001

Contra os titulares e encabezaos da prensa cipaia eu sosteño que o importante non é o facto de Ánxel Casal ter morto fusilado na mesma data en que morreu un poeta granadino, senón o facto de ter sido escolleito, procurado, cazado e asasinado por ser quen era, que fixo, que representaba e sobre de todo que podería ter feito de non ser torturado e paseado (tal como eran de lonxevos os homes da súa familia) aos 40 anos e medio de vida e esperanza.

Destaco tamén fronte a líricos, propagandistas e xornalistas que tampouco pode ser relevante que Casal casara con muller guapa, delicada, xenerosa, capaz, intelixente, e con sombriros moi século XX. Iso sería elemento ideal para novela, con portada de Penagos, con elementos eróticos ou biografía. O tema, para min, é que esa persoa suxerente e fascinante teña sido collida coma excusa (cargada do machismo inherente de moitos dos nosos intelectuais, políticos e artistas) para diluir a importancia e a loita nada épica nin romántica contra as letras, a prensa local, a falla de capital autóctono, o desprezo da universidade e da cultura oficial...

Repito outravolta, e a risco de pesado, a políticos, amadores das letras e cronistas, que desde a metodoloxía do materialismo histórico ninguén pode defender xa as maxias e os romantismos para explicar as relacións artistas-autores-editores, sobre todo cando a pouca correspondencia conservada (e editada) reflicte todo o contrario: loitas ideolóxicas, económicas e sociais. Que a política clandestina, a política de oposición e a política municipal, repercuten na produción do libro galego, tanto coma a figura de Casal ten que se volcar nela.

E por último permítome subliñar a especialistas, eruditos e columnistas que pensar que os libros son obra de autores e ilustradores e son coñecidos do público mediante o traballo editorial, é unha simpleza tamaña, que non fai máis que dar unha pátina de



normalidade á historia complexa, dura e épica da construción da literatura galega en lingua galega coma literatura nacional.

Agora ben, dado que os motivos polos que a cultura galega prefire diluírse en anécdotas e frases brillantes (que logo recolle e desintegra a nosa prensa nun proceso de retroalimentación) é demasiado profundo, estrutural e castrante para expoñelo nunha cuarta de papel prensa, vou limitarme a parabenizar ao Concello de Santiago e ás diversas fundacións, institucións, asociacións e particulares que tentan recuperar unha figura de capital importancia na construción nacional coma é Ánxel Casal e, desde a miña modestia comparir unhas teimas e suxerir respostas a unha serie de interrogantes que vía prensa e terceiros chegan aos meus ouvidos, ausentes dos epicentros culturais.

División galeguista

Hai exactamente dez anos, Xulio Cuba e os amigos da Asociación cultural Ánxel Casal de Monte Alto, publicaran, con motivo do centenario do nacemento do impresor-editor, con moito mimo e excelente factura, unha revista monográfica. Nese número, hoxe inencontrábel, había excelentes artigos e testemuñas, entre as que destaca unha cálida lembranza de Manuel o irmán de Ánxel (daquela aínda no mundo dos vivos e persoa de excelente mais silenciada por 50 anos memoria). Hónrame ter participado nese número colectivo, máis por canto para el comecei a deseñar o que sería unha das liñas da miña tese de doutoramento e das miñas investigacións posteriores: as causas do esquecemento, fóra e dentro do galeguismo de posguerra, da propia tradición galeguis-

‘A figura e obra de Casal é faro e guía para xeracións futuras. Descubre un ronsel diferente que obriga a repensar a historia do nacionalismo galego de preguerra e abala o de posguerra’

ta que representaba e explicaba a figura de Ánxel Casal.


Alén do que xa é coñecido de-se mamotreto malfadado (pois está publicado en dous volumes de eds. do Castro) ficaron moitas liñas e discursos no caixón. Tanto por problemas de tamaño, tanto por interese a continuar traballando nel; canto por que –vistas as reaccións e suxerimentos dos membros do tribunal– pareceume mellor darlle outra forma e desenvolvelo de maneira máis contundente e inatacábel nun futuro que aínda non chegou (e ten visto de ir parello ao de Artur). Hai unha parte longa, unha das tres que forman a introdución inédita, que se titulaba: “A xeración Galaxia na saída do primeiro franquismo”.

Ese groso fragmento aborda o que para min é unha das causas maiores do esquecemento por décadas da figura de Ánxel Casal e das dificultades para un correcto enfoque desde o hoxe. É o porqué dunha recuperación sempre tan parcial, sesgada, romántica, artística e máxica, que se está a reproducir no hoxe. Os lastres dunha tradición galeguista conformada desde a Dereita galeguista, por unha xeración Galaxia que se configurou como sistema cultural periférico mais non alternativo ao franquismo, coa intermediación do galeguismo rexionalista franquista (Filgueira Valverde, Cunqueiro, E. Montes, Torreiro Ballester..., até, se me apurades mesmo ese Manual Fraga que sempre andou no medio).

Na tradición recriada desde a óptica de Galaxia, para explicaren a súa xénese como “natural” dentro do discurso galeguista e non coma redefinición, guerra e nacional-catolicismo ambiental mediante, e xustificaren comportamentos que teñen máis lóxica desde a sobrevivencia, están as claves orientativas da construción do maxisterio piñeirista e galaxio até os anos 80. Maxisterio e doutrina rupturista co galeguismo republicano (presente, no que eu sei, até a morte dos últimos irmáns da fala na Cruña nos 60, 70 e até nos 80 e 90) e segregacionista do galeguismo exilado (“que traian cartos non ideas tolas”).

Nese pouso, nese descoñecemento de outras fontes, e nese illamento, é no que se formou a fundamental xeración dos 50. Xeración, logo esgallada en traxectorias, todas vixosas e maxistras, que logo reaxiu aos poucos e en diversos graos contra os seus maiores. Máis non tras a pista dun universo fundamental que nen concibían –nin aínda poden concibir– coma posíbel: o galeguismo dos anos 20 e 30. O galeguismo de Casal, Víctor Casas, Suárez Picallo, o galeguismo mesmo dos seus mestres: o clan dos Carré, Lugrís Freire, Florencio Vaamonde, Tettamancy...

O galeguismo da Xeración dos 50 (e as subseguintes) rompeu ou foi abandoando a matriz Galaxia por comparanza co exterior e confrontamento coa autoridade autoritaria e arbitraria de Piñeiro. Mais no seu descoñecemento, non xa pola presión ideolóxica do franquismo (á fin ese era o seu obxectivo), senón pola traición do galeguismo galeguista aos seus maiores, movementouse procurando respostas e camiños desde as



‘A estética de corte estilística, agocha na prosa fluida e rica dos discípulos de Dámaso Alonso, a carencia de formación en Teoría da Literatura e o terror xeneracional á clarísima lectura en chave de socioloxía que teñen as literaturas complexas e submetidas coma a galega’

fontes democristiás europeas, até as marxistas e anticoloniais. O contacto co exilio, (agás un *Sempre en Galiza*, críptico demais sen os coñecementos históricos aos que poucos podían acceder) foi puntual, escaso, vetado por autoridades (as administrativas) e mestres (os petrucios galeguistas) e, sobre todo tardó demais para que callase en maxisterio. Esa débeda está pendente. É a análise disto, fundamental para a comprensión do que somos: ortográfica, política, nacional e artística-mente, por facerse.

Pasados tantos ao franquismo ambiental, plegados os máis á forza brutal, amortecido o maxisterio dos sobreviventes, esquecidos os vellos nacionalistas e republicanos federais nos seus tobos, o campo ficou libre a unha reconstrución na que unha necesidade puntual, non só se transformou en virtude, senón que coma tal se prolongou por demasiadas décadas.

Eta tradición, na que todos os rexionalistas, galeguistas, federa-

listas, nacionalistas, independentistas, medramos, é a que obriga a esquecer, desfocar, ou redefinir a figuras incómodas para o lóxico desenvolvemento do discurso “galeguista”. Castelao, pódese disfrazar de artista e á fin (aínda que movimentado coa Fronte Popular, militante na legalidade republicana, propagandista, membro do goberno no exilio e exiliado mesmo) ten un pasado e formación católico-maurista ao que recorrer. De Suárez Picallo, sindicalista, gai, deputado e exilado, pódese escamotear o seu discurso de dignidade a prol do rico anecdotario. De Víctor Casas, esquecido coma un Bóveda menor, negar a orixinalidade de esquerda da súa imensa obra escrita e a valentía laica e civil ante a morte. Dos exilados, charco por medio, a historia facilitou a perda do rasto, e a humillante destrución cultural, civil e moral do franquismo fixo incomprendible as súas actitudes, testemuñas e discursos. Da retitude de traxectorias coma Lugrís Freire, pódese furtar o que se queira, a fin de contas o esquecemento foi enorme e a volta á cena da súa literatura difícil.

Que facer con Casal?

Mais que facer con Ánxel Casal, imposible escamotear a súa ortodoxia nacionalista (fundador da Irmandade da Fala, fundador da ORGA, fundador do PG); imposible agochar o seu exemplo de monolingüismo galego que levou da vida diaria ao negocio e do negocio á política municipal e provincial; difícil rebaixar a súa ideoloxía de esquerda, a súa coerenza na legalidade republicana; imposible negar o seu papel fundamental na construción da Literatura galega até o punto que sen el nen concibiríamos a existencia dela feita en lingua galega; complicado rebaixar o criminal da súa morte e a destrución cultural da queima do seu arquivo. Casal éche moito Casal e hai que levar con todo o paquete, tal e coma el mesmo manifestou, loitou e traballou. A figura e obra de Casal é faro e guía para xeracións

futuras. Descubre un ronsel diferente que obriga a repensar a historia do nacionalismo galego de preguerra e abala o de posguerra.

O deseño político de Ramón Piñeiro, reestruturando o galeguismo desde a Dereita galeguista e pasando a Risco e Bóveda polos motores únicos e referentes ideolóxicos, fixo esquecer a tradición que arrincaba do máis puro liberalismo, pasaba polo federalismo e desde o republicanismo protagonizou o momento máis importante e esperanzado para a Galiza contemporánea. A arquitectura dunha particular oposición (?) mediático-estrutural desde Galaxia, obrigou a esquecer o pasado (especialmente a proposta dunha literatura nacional e popular) e a sobredimensionar o precarismo e moi sesgado ideoloxicamente labor (compárense senón os títulos e autores dos 60 ou o catálogo e proposta doutras editoras galegas) só cinxido ás elites culturais do país.

As achegas á configuración cultural, antropolóxico-psicolóxico de Fernández del Riego, Cunqueiro, Rof Carballo, García Sabell, Fernández de la Vega, procuraron unha mixtificación para resolver a problemática social e o conflito económico-colectivo en augas de saudades, morriñas, meigallos e brétemas.

E pior, fica aínda por meterlle o dente ao canon literario elaborado por Ricardo Carballo Calero, desestruturando o seu maxisterio e analísalo desde a óptica racional da reconstrución ideolóxica. A estética de corte estilística, agocha na prosa fluida e rica dos discípulos de Dámaso Alonso, a carencia de formación en Teoría da Literatura e o terror xeneracional á clarísima lectura en chave de socioloxía que teñen as literaturas complexas e submetidas coma a galega.

Moita é a investigación e o traballo que fica.

Porén, isto non son senón opinións persoais, que me xorden a conto dos actos e homenaxes cos que se está a traer a Casal ao protagonismo onde debería ter estado sempre. ♦

Tenreiro, F. Fernández del Riego, Brañas, Ánxel Casal e A. de las Casas na imprenta Nós vistos por Luís Seoane (Santiago 1932-33).

Ánxel Casal visto por Camilo Díaz Balino.

